



RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA POLO PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1.- Con data 22 de decembro de 2017 aprobouse o expediente de contratación en relación ao procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada para a adxudicación da obra de título: Via de conexión da A-52 co Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas. Treito: A-52 - N-525, e clave OU/15/107.01.
- 2.- Unha vez analizada a documentación administrativa que foi achegada polos licitadores ao procedemento mencionado, de conformidade co artigo 146 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, resultou/aron excluída/s a/s empresa/s sinaladas no Anexo I, segundo as causas concretas establecidas no mesmo anexo.
- 3.- De conformidade coas prescricións recollidas na cláusula 3.6.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, a Axencia Galega de Infraestruturas emitiu informe técnico no que se determina a oferta economicamente máis vantaxosa. A puntuación obtida por cada unha das empresas recóllese como Anexo II a esta resolución.
- 4.- De conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e no artigo 152 do TRLCSP, solicitouse xustificación ás empresas que resultaron estar incluídas en presunción de valores anormais ou desproporcionados, sendo todas elas declaradas desproporcionadas ou anormais e excluídas da clasificación das proposicións presentadas, de conformidade co establecido artigo 152.4 do TRLCSP, segundo as causas recollidas no Anexo III a esta resolución.
- 5.- O licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, non excluído da clasificación das proposicións presentadas, foi requirido para que, de conformidade co establecido no artigo 151.2 do TRLCSP, achegara a documentación requirida na cláusula 3.8.2. do prego de cláusulas administrativas particulares. Esta foi presentada en tempo e forma.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1.- Ao presente expediente de contratación aplícanse as disposicións do TRLCSP e do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP) vixente así como o previsto nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen este procedemento.
- 2.- O artigo 151.4 do TRLCSP establece a obriga de acordar a adxudicación dos contratos mediante resolución motivada.
- 3.- A dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das atribucións establecidas polo Decreto 173/2011 do 4 de agosto, (DOG núm. 163 de 26 de agosto), polo que se aproban os Estatutos da Axencia Galega de Infraestruturas é competente para emitir esta resolución.

Tendo en conta os antecedentes de feito e as consideracións legais e técnicas expostos,

RESOLVO

- 1.- Adxudicar o contrato para a obra Via de conexión da A-52 co Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas. Treito: A-52 - N-525 , de acordo co seguinte detalle:



EMPRESA	SOCIEDAD ANONIMA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA		
NIF/CIF	A32015844		
PRESUPOSTO ADXUDICACION (SEN IVE)	IVE	TOTAL	BAIXA
13.079.100,00€	2.746.611,00€	15.825.711,00€	4.301.731,73€
PORCENTAXE	24,75%		
COEF. ADXUDICACIÓN	0,75250139		
PRAZO DE EXECUCIÓN	24 meses		
TIPO DE FINANCIAMENTO	Este contrato finánciase nun 80% con fondos FEDER dentro do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.		
	Obxectivo Temático	03- Mellorar a competitividade das PYMEs, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP)	
	Prioridade de Inversión	03.04- Apoio á capacidade das PYMEs para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación	
	Obxectivo Específico	03.04.03- Promover a Internacionalización das PYMEs	

Os beneficiarios asumen a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo PO FEDER dacordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013.

Esta resolución/adxudicación supón a súa aceptación para ser incluído na lista pública que se recolle no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013.

2.- A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo non antes de que transcorran 15 días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso especial en materia de contratación, requiriráselle ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a 5 días a contar dende o seguinte a aquel en que recibira o requirimento.

Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

3.- Contra esta resolución poderá interpoñer recurso especial en materia de contratación, nos termos establecidos no artigo 40 e seguintes do TRLCSP, previo á interposición do contencioso-administrativo. Este recurso poderá interpoñerse ante o órgano de contratación no prazo de 15 días contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado.

Santiago de Compostela,
O director da Axencia Galega de Infraestruturas

15 MAYO 2018

Francisco Menéndez Iglesias

